

**LONGAMETRAXE
COMEDIA DRAMÁTICA
90'/ 100' (APROX)**

DOENTES

**ANTONIO DURÁN X.M. OLIVEIRA
“MORRIS” “PICO”**

SINOPSIS

Son os anos cincuenta. O desmantelamento do vello Hospital Real (actual Hostal dos Reis Católicos) para transformalo nun hotel de luxo enche as rúas de Santiago de Compostela de enfermos, peregrinos perpetuos e pobres. Tamén de personaxes como don Valeriano, vello cura castrense e presunto ferido de guerra que vivía da beneficencia e do conto na egrexia institución e que se atopa, de súpeto, na más imprevista das intemperies.

Pero don Valeriano é un home de recursos, por máis espurios que sexan case todos. Acompañado dun tísico, Cañete, que lle serve de muleta, e da talla dun santo coa que negociar, percorrerá a noite e a néboa chamando ás portas, movendo influencias e acariñando oídos para recuperar o único que un home da súa idade, posición e folla de servizos non pode tolerar perder, máis aló da dignidade e o respecto dos seus contemporáneos: a sopa boba.

Ocorre que a noite é negra, como o futuro, como o corazón dos homes, como o país, e vólvese longa larguíssima: nin Cañete é só un tísico, nin o santo é a chave para ceo algún, nin un vello cura que confesou ao Caudillo nun remoto Marrocos está a salvo dos ventos da vida, tan tempestuosos e violentos como os da historia, pero aínda máis daniños. Oxalá. Cañete é en realidade un pai sen fillo que xurou matar a Franco, e que está resolto a cumplir a súa promesa; a madeira dun santo vale, na España dos cincuenta, polo sangue de dous homes vencidos, pode que de máis; e Valeriano... Valeriano leva tanto tempo vendendo covardía para salvar segredos que, cando os perde todos e descobre o valor, resulta que o valor tose, ten as uñas sucias e non sabe disparar.

Así, unha noite de apracible vagabundeo convértese nunha tola carreira pola supervivencia de dous estraños amigados pola dor que, non podendo cambiar o mundo, por moito que o tentan, loitan, polo menos, e con todas as súas forzas, por chegar a velo, outra vez, mañá.

**FILMANOVA INVEST S.A.- ZIRCOZINE S.L.
UNHA PELÍCULA DE GUSTAVO BALZA**

DOENTES

Dirección
GUSTAVO BALZA

Guión
GUSTAVO BALZA
ROBERTO G. MÉNDEZ

Prod. executiva
ANTÓN REIXA
FRANCISCO C. SANTOS

Dir. artística
ALEXANDRA FERNÁNDEZ

Dir. fotografía
SUSO BELLO

Música
BIEITO ROMERO
(LUAR NA LUBRE)

ANTONIO DURÁN X.M. OLIVEIRA
"MORRIS" "PICO"

CONTACTO:

Antón Reixa
FILMANOVA
Tel. 981 160 188
E-mail: reixa@filmanova.com

Notas do director

“Doentes” está baseado na premiada obra teatral homónima de Roberto Vidal Bolaño (PREMIO DE TEATRO RAFAEL DIESTE, 1997) que ficciona un curioso e interesante caso real. Nos anos cincuenta, o actual Hostal Dos Reis Católicos de Santiago de Compostela (Parador Nacional) deixou de ser hospital para converterse en hostal, por unha arbitraria decisión de Franco que supuxo o desaloxo dos enfermos para adecuar as instalacións hostaleiras coas que o Régime pensaba agasallar aos visitantes estranxeiros, concretamente, ao presidente americano Eisenhower, que visitou Santiago pouco despois.

Por que facer unha película baseada na obra de teatro “Doentes” de Roberto Vidal Bolaño? A razón principal está en que é unha excelente historia, unha historia das de toda a vida, con dous magníficos personaxes principais e sobre todo, un gran final. Creemos estar no certo ao asegurar que “Doentes” ten no seu ADN moitos dos ingredientes para facer unha boa película.

Outro motivo importante, é un aspecto da obra que nos seduciu desde a primeira vez que a lemos, o feito de que ocorra todo nunha soa noite: “Doentes” comeza ás sete da tarde e remata ás sete da mañá do día seguinte. Unha noite trepidante, chea de sorpresas e verdades inconfesables, localizada en Santiago de Compostela a finais dos anos cincuenta do século pasado.

Así mesmo, outro aspecto que nos atrapou da obra e co que gozamos moito, é a gran calidade dos seus diálogos, o verbo irresistible que Vidal Bolaño pon en boca dos seus personaxes. E claro, iso no teatro funciona pero no cinema é distinto: a imaxe é prelingüística e nós, o que nos propoñemos é facer unha película. De xeito que conservamos intacto o argumento e a súa estrutura, adaptando o texto teatral ao código cinematográfico, tentado ser fieis ao espírito da obra e á esencia de Vidal Bolaño.